

ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 31 DE MAIO DE 2017

Comprobada a existencia de quórum, as 10.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no anexo I e coas persoas asistentes que se relacionan no anexo II.

1. Informe do reitor

O **reitor** toma a palabra para dar a benvinda aos novos membros do Consello que se incorporan nesta sesión. Desculpase por anticipado por ter que marchar antes do remate do Consello, ao estar convocado para unha reunión en Santiago co Goberno galego.

Interveñen a seguir os vicerreitores.

O **vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** informou, en primeiro lugar, da avaliación ANEP dos grupos de investigación a fin de distribuír o 75% dos fondos de investigación da UDC agora e o 25% restante máis adiante.

Dou conta tamén da designación dun novo comité de ética da investigación da UDC, agradecendo aos membros saíntes os servizos prestados.

E trasladou tamén ao consello a celebración na UDC dunhas xornadas, coordinadas desde o CITIC, sobre “organización e xestión de centros de investigación de universidades y entidades públicas” os próximos días 15 e 16 de xuño.

De por parte, o **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** informou de que con data 16 de maio de 2017 autorizouse a suspensión do contrato de don Carlos Fernández Lozano ata a finalización do curso académico 2017/18 ao terse incorporado a unha bolsa Juan de la Cierva. A suspensión está informada favorablemente polo departamento de Computación.

Dou conta tamén de que o pasado 18 de maio abriuse o prazo para a elaboración dos POD, que rematará o día 9 de xuño.

A **vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente** informou dos asuntos seguintes:

- Que o 22 de maio mantivo unha reunión co secretario xeral de Universidades na que lle solicitou o recoñecemento de singularidade aos graos en español, galego e enxeñaría naval e oceánica.
- Que, coa reserva da aprobación definitiva do Decreto de prezos públicos, a normativa de xestión académica 2017-2018 xa foi presentada ás administradoras dos centros.
- Que foi aberto o prazo de matrícula no curso de verán “docentes conectados”, que se celebrará os días 10 e 11 de xuño.

A **vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** dou conta dos asuntos seguintes:

Código Seguro De Verificación	d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/09/2017 11:38:40
Observacións		Páxina	1/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==		



Informou dos programas levados desde o servizo de estudantes para a difusión da UDC aos alumnos de bacharelato este ano. Cabe destacar que case se duplicaron as Charlas nos centros, de 44 a 75 centros foron visitados. Outros programas que mantivemos foron: "Visita o teu campus" e as charlas de divulgación impartidas por profesores da UDC ós centros, que tamén se organizan con persoal do servizo. Agradeceu o labor dos profesores e do persoal do servizo de estudantes, pola súa colaboración nestes programas.

Informou sobre os principais logros dos deportistas da UDC nos campionatos de España universitarios: atletismo, Paula Iglesia Garnelo, medalla de prata no 400 m.l.; Taekwondo: Sara García Suárez, medalla de prata na categoría Pluma -57Kg. e Sofía Pérez Riesco, medalla de prata na categoría Medio -73 Kg.

Informou tamén do programa desenvolvido polos técnicos de emprego, para a mellora de empregabilidade e orientación laboral que rematou cun Módulo onde participaron algúns responsables de procesos de selección de empresas e persoas emprendedoras.

Informou da publicación dos campamentos de Verán en Xuño, Xullo e setembro, para os Campus de Ferrol e Coruña, dirixidos a nenos e nenas.

E, finalmente, trasladou ao Consello a publicación da resolución das axudas para realizar xornadas divulgativas e conferencias e cursos de verán.

A **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación** informou da sinatura de senllos convenios coas Universidades chinesas de Guanxi e CISISU para a recepción de alumnado de mestrado na UDC.

Informou tamén que o día 2 de maio asistíuse o consello de dirección do CEER no que se informou de como esta a desenvolverse o curso de Responsabilidade Social entre o banco Santander e as universidades de Vigo e Santiago. Asimesmo informouse de que a Dirección Xeral de Política Lingüística apoiarian unha iniciativa para formar a profesores de secundaria en portugués dende as universidades.

O 18 e 19 de maio tivo lugar a sectorial de Internacionalización e Cooperación da CRUE, na que se renovaron a secretaria executiva e unha vocalía. O director do SEPIE informou das novidades do programa Erasmus, entre as que destacou o saliente papel das universidades españolas, xa que ocupamos o primeiro posto en recibiren estudantes estranxeiros no programa Erasmus, con máis de 40.000 estudantes anuais. Sen embargo, destacou que, cando falamos de estudantes estranxeiros de grado e mestrado, nos atopamos nos últimos lugares do Espazo Europeo. O motivo é a política de admisións destes estudantes que dificulta enormemente o proceso para os non nacionais.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** informou dos asuntos seguintes:

1) Manual de Xestión Orzamentaria

Continua a avanzar o grupo de traballo do manual de xestión orzamentaria. Está rematado o capítulo II, III e agora está no IV. Identificouse unha conta do capítulo IV que é incentivos á

Código Seguro De Verificación	d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/09/2017 11:38:40
Observacións		Páxina	2/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==		



xubilación anticipada que ata agora mesmo está no capítulo I. Está en estudo se se fai unha modificación orzamentaria para o capítulo IV.

2) Reparto de créditos para os novos departamentos

Xa se fixo efectiva a nova reestruturación departamental. O procedemento foi o seguinte:

- a) Establecéronse as 23 contas de destino correspondentes aos novos departamentos.
- b) Establecer a correspondencia entre as novas unidades departamentais e as antigas, incluídas as áreas de coñecemento.
- c) Estimar as proporcións que lle corresponde a cada área de coñecemento e deste xeito fixéronse as transferencias das contas que operan no capítulo II aos novos departamentos os cales xa poderían desenvolver a súa actividade.
- d) Con respecto a outras contas do capítulo II e VI con créditos incorporados ou contas por exemplo para pagar axudas de custo, fíxose en colaboración coas UADIs, as cales nos facilitaron cantos docentes pertencían a unha área de coñecemento ou outra e deste xeito puidemos facer dun xeito centralizado todas estas operacións. Esta operación precisaba que tiveramos a información antes do 31 de maio e posteriormente en xuño facer a operación. Consequimos realizar esta operación o pasado día 25 de maio.
- e) Última etapa é a transferencia dos fondos de investigación, para a cal xa se fixeron as novas contas da adscrición dos grupos, unidades ou investigadores que figuran no catálogo de investigación. Neste caso, as contas xa están abertas e só falta adscrición do grupo ao centro docente ou centro tecnolóxico.

3) Imputacións e validacións de expedientes de gasto.

Imputacións:

Informe V-013-17 de data 08.05.17 e importe 365.596,15€

Total imputado: 365.596,15€

Validacións:

Informe C-005-17 de data 26.05.17 e importe 541.485,95€

Total validado: 541.485,95€

A **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** dou conta dos asuntos seguintes:

- Que o día 16 de maio foi asinado o convenio da cátedra UDC-Navantia "Cosme Álvarez de los Ríos", para a promoción da investigación e a realización de prácticas curriculares e extracurriculares. Ten a súa sede no campus de Ferrol e está dirixida pola profesora Ana Álvarez García.

Código Seguro De Verificación	d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso		Asinado	13/09/2017 11:38:40
Observacións			Páxina	3/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==			



- Que o día 19 de maio celebrouse un taller na cátedra “Jorge Juan” sobre cooperación e axuda ao desenvolvemento.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de abril de 2017

Aprobada sen votos en contra.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en doce convenios marco (12), nove convenios específicos (9), e corenta e cinco convenios para prácticas (45) e que son aprobados sen votos en contra.

Aprobados sen votos en contra.

4. Renovación dos membros do PDI nas Comisións Delegadas do Consello de Goberno (Directrices, calendario e formulario de presentación de candidaturas)

A proposta, que consta no repositorio institucional, foi presentada polo secretario xeral.

A seguir, tomou a palabra o profesor Luís Castedo para manifestar que a restricción por ámbito de coñecemento aplícase a posteriori, propondo en consecuencia que se vote a comisión no seu conxunto.

María Luísa Sánchez propón que, xa que o único posto en liza é o tecnolóxico, que se proceda a votar só nese ámbito.

Anxo Calvo tamén manifesta que o resultado non vai mudar, xa que os postos en disputa son só os do ámbito tecnolóxico.

O profesor Castedo intervén de novo para indicar que ao non se tratar de votacións disruptivas propón que se vote a comisión no seu conxunto.

A profesora Sánchez Simón, pola contra, insiste en que se o único posto en liza é o correspondente ao ámbito tecnolóxico, a votación debería restrinxirse a este.

No mesmo sentido que na súa intervención anterior, o profesor Calvo manifesta que se o resultado vai ser o mesmo, mellor sería votar só no ámbito tecnolóxico aínda que non se opón á escolla da comisión no seu conxunto.

O profesor Castedo sinala que ao non seren votacións disxuntas, pode haber cruzamentos de se alteraren as condicións iniciais. Se houberse cinco candidatos para ciencias e sete para humanidades, todos poderían votar os de humanidades (o que non sucedería se a restricción se aplicase a priori). Propón que se vote o conxunto.

A profesora Teresa López manifesta que o que está por decidir é a representación do ensino técnico na COAP.

Código Seguro De Verificación	d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/09/2017 11:38:40
Observacións		Páxina	4/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==		



O secretario xeral le o artigo 20 do Regulamento interno do Consello de Goberno, que se refire a “sector”, debéndose entender por tal o PDI. Após esta lectura, a profesora López indica que, daquela, a razón non é se pode haber ou non distorsión no resultado, senón que a votación debe ser conxunta porque así o impón o artigo 20 do Regulamento do Consello de Goberno.

O profesor Xurxo Dopico advirte da posibilidade de que alguén fiquen con cero votos. Tanto o secretario xeral como o profesor Pérez Valcarce indican que se trata dun caso altamente improbable.

Efectuada a votación, resultaron elixidos@s profesor@s Adriana Ivette Ávila Álvarez, María Teresa López Fernández, Ignasi Ezponda Colominas, Luís María Nieto Hervella, Armando Yáñez Casal, Blanca Laffon Lage e Manuel Peralbo Uzquiano.

A composición completa das comisións delegadas figuran como **anexo IV** da presente acta

5. Designación dos representantes do Consello de Goberno da UDC no Padroado da FUAC

Presentada polo secretario xeral, aprobouse sen votos en contra a proposta que figura de seguido e que consta como **anexo V** desta acta:

D. Julio Ernesto Abalde Alonso (reitor)

D. Carlos Ignacio Aymerich Cano (secretario con voz pero sen voto)

D. Ramón Alberto del Valle López (xerente)

D. Salvador Naya Fernández (vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia)

D.ª Nancy Vázquez Veiga (vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente)

D.ª Margarita Amor López (vicerreitora de Estudantes, Participación e Ext. Universitaria)

D. Domingo Calvo Dopico (vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade)

D.ª M.ª Pilar García de la Torre (vicerreitora de Internacionalización e Cooperación)

D.ª Araceli Torres Miño (vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social)

6. Aprobación da proposta de designación do representante do alumnado no Consello Social

Presentada polo secretario xeral, aprobouse a proposta de designación do alumno Carlos Nogueira Souto. A dita proposta figura como **anexo VI** da presente acta.

7. Proposta de aprobación do Regulamento de cursos de Extensión Universitaria

A proposta foi presentada pola vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.

Toma a palabra en primeiro lugar a profesora Fernanda Miguélez para propor que se mude “tampouco” por “non” no parágrafo segundo do artigo 1.

O profesor Moisés Canle felicítase pola proposta que permitirá, afirma, controlar o contido dos cursos que se imparten na UDC. Demanda que o parecer do artigo 4 se refira a que o contido

Código Seguro De Verificación	d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/09/2017 11:38:40
Observacións		Páxina	5/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==		



do curso sexa acorde coa “misión e visión da UDC” e que, en caso contrario, a vicerreitoría responsábel denegue a autorización. A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria indica que se incluírá no artigo 5, entre as funcións da Comisión de Extensión Universitaria.

Prosigue o profesor Canle debullando consideracións pomenorizadas sobre os diferentes preceptos da proposta: sobre o artigo 4 (uso de infraestruturas) pensa que non poden ser os departamentos os que garantan este uso. A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria esclarece que isto xa está previsto no art. 4.2. Sobre a filiación (artigo 9), o secretario xeral indica que a cuestión xa está resolvida na Disposición Adicional Unica.

A profesora Sonia Souto interésase polos cursos organizados por entidades externas aos que a UDC presta aval científico. O secretario xeral indica que estes cursos teñen de contar cun convenio específico.

A proposta foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo VII**.

8. Novas propostas e renovacións de títulos propios de posgrao

A proposta, presentada pola vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente, foi aprobada sen votos en contra e figura como **anexo VIII**.

9. Aprobación, se proceder, das novas competencias nucleares para as titulacións da UDC

A proposta foi presentada pola vicerreitora de oferta académica e innovación docente.

Intervén a seguir o profesor Canle para lembrar que o RD de 2016, no seu anexo I, alínea 3ª, establece as competencias no marco MECES para grao e doutoramento. A vicerreitora esclarece que esas son as básicas, isto é, as que non se poden modificar.

Aprobada sen votos en contra, figura como **anexo IX** da presente acta.

10. Extinción do título universitario en arquitectura de interiores (título propio da UDC)

A proposta, presentada pola vicerreitora de oferta académica e innovación docente, foi aprobada sen votos en contra e figura como **anexo X**.

11. Aprobación da VI convocatoria do programa Docentia e do Manual de avaliación da actividade docente do profesorado

Presentada pola vicerreitora de oferta académica e innovación docente.

Toma a palabra o profesor Canle para indicar que os criterios de acreditación da ANECA establecen como mérito a avaliación positiva da actividade docente en programas como o Docentia. Pregunta como se vai establecer a preferencia entre solicitudes se estas fosen superiores en número ás 300 previstas. A vicerreitora de Oferta académica e Innovación docente sinala que é moi difícil que isto aconteza e garante, en todo caso, que ninguén que queira ser avaliado vai quedar sen ela.

Código Seguro De Verificación	d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/09/2017 11:38:40
Observacións		Páxina	6/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==		



O profesor Canle advirte que a norma de dedicación docente da UDC pode crear problemas para discriminar entre as solicitudes que vaian ser avaliadas, xa que a convocatoria prima o número de horas impartidas.

A profesora Sánchez Simón pregunta porque non pasou este asunto pola mesa do PDI. A vicerreitora de oferta académica e innovación docente promete telo en conta para as seguintes convocatorias.

A profesora Fernanda Miguélez pregunta quen nomeou o representante sindical na comisión de docencia.

O profesor Canle pregunta se se van aceptar as súas propostas. A vicerreitora de oferta académica e innovación docente responde que en principio non, e que para o caso de que se alcanzasen as trescentas solicitudes arbitraríanse solucións. O profesor Canle insiste preguntando que sucede coas trescentas horas. Aquí intervén a profesora Teresa López para sinalar que o criterio é de preferencia para o caso de haber máis solicitudes que as se poden avaliar, non é unha restrición de entrada.

A profesora Blanca Laffon di que se a restrición non vai ser aplicada e o criterio en que se funda (número de horas impartidas) é inxusto, o mellor sería eliminala.

A profesora Lorenzo Modia dubida que se estea a falar dun problema real, dado que o Decreto Wert xa limita o número de horas para titulares e catedráticos segundo o seu número de sexenios. Daquela, se a restrición nunca foi aplicada, o problema non estaría aí senón nas condicións previas de admisión ao programa.

A profesora Teresa López lembra, novamente, que non se trata dun requirimento previo mais dun criterio de preferencia por se houber máis de 300 solicitudes.

A profesora Lorenzo Modia puntualiza que o problema non adoita ser o exceso mais, pola contra, o defecto.

A proposta, que figura como **anexo XI**, foi aprobada sen votos en contra.

12. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado

Presentada polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente , a proposta foi aprobada por unanimidade.

13. Proposta de autorización de anos sabáticos 2017/18

Presentada polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente .

Iniciado o debate, intervén en primeiro lugar a profesora Teresa López para indicar que se as propostas foron presentadas fóra de prazo non deberían ser admitidas a trámite, xa que podería haber quen non formulase a solicitude, precisamente, por non estar en prazo. Considera que é un precedente perigoso, cando a UDC sempre aplicara os prazos de forma coherente. Lembra que, aliás, sempre cabe a posibilidade de solicitar unha licenza para gozar da estadía sen necesidade de que se conceda o ano sabático.

Código Seguro De Verificación	d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/09/2017 11:38:40
Observacións		Páxina	7/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==		



A profesora Sánchez Simón pregunta cal é a data límite da convocatoria (O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente contesta que a finalización do segundo trimestre do curso académico, isto é, o 31 de marzo). Continúa a profesora Sánchez Simón decindo que o asunto foi suficientemente debatido na mesa e que, como indicou a profesora López, hai alternativas. Con todo, ao seu ver, o segundo trimestre comeza o 31 de decembro e remata na semana santa (rumores).

A profesora Sonia Souto salienta que a norma é confusa, ao non pór unha data precisa (O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente lembra que a proposta foi presentada o día 18 de abril). A profesora Souto, após sinalar que o informe favorábel do departamento emitíuse a comezos de febreiro, indica que concorren circunstancias especiais: a concesión dunha bolsa nunha universidade australiana de un ano de duración.

A profesora Fernanda Miguélez demanda que a norma fixe unha data certa.

A profesora Teresa López, partillando a proposta anterior, entende que si hai terceiros prexudicados: todos aqueles que viran non admitidas as súas solicitudes por extemporáneas e que tamén sofren consecuencias económicas ou profesionais prexudiciais.

A profesora Lorenzo Modia afirma coñecer precedentes de persoas que viron rexeitadas as súas solicitudes por extemporáneas. Anuncia o seu voto en contra.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente compromete que nas futuras convocatorias fixarase unha data certa. Mesmo así, tomando en conta o parecer maioritario do Consello, propón a denegación das dúas solicitudes, a pesar de recoñecer o esforzo realizado.

O profesor Muñoz manifesta que tería apoiado a autorización, malia se ter formulado 18 días despois do vencemento do prazo.

O profesor Pérez Valverde di entender que, a partir de agora, a vontade do Consello de Goberno é a de aplicar os prazos de forma rigorosa. O secretario xeral advirte que só os que teñan carácter esencial.

A proposta – denegación das solicitudes – é aprobada con dous votos en contra, un deles o de Sonia Souto.

14. Proposta do Programa de creación de prazas de axudante doutor curso académico 2017/18

Presentada polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente .

Toma a palabra a profesora Sánchez Simón para indicar que na mesa sindical presionouse para que non limitar a creación de prazas, deferindo ao futuro a estabilización do profesorado.

A profesora Adriana Vila sinala que será difícil solicitar estas prazas en áreas sen acreditados a TU. O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente lembra que tamén hai que acreditar a existencia de déficit estrutural.

Código Seguro De Verificación	d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/09/2017 11:38:40
Observacións		Páxina	8/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==		



A profesora Blanca Laffon pregunta cantos poden ser os solicitantes. O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente sinala que non hai información certa e que solicitou información aos departamentos para completar a dimensión da bolsa de acreditados.

O profesor Carlos Vázquez Cendón interésase polo prazo en que se poderá dispor desa información. O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente responde que xa este venres, coa súa publicación no Xescampus.

A proposta foi aprobada sen votos en contra.

15. Proposta da Normativa de profesores eméritos e honorarios

Presentada polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente .

Intervén o profesor Juan Pérez Valverde indicando que non é a primeira vez que se levanta o problema dos sexenios nas escolas técnicas. Propón que xunto aos sexenios se coloque “ou méritos equivalentes”. As profesoras Sonia Souto e Fernanda Miguélez tamén propoñen que os méritos profesionais sexan tomados en conta.

Moisés Canle anuncia voto negativo. Concorde coa regulación das figuras de honorario e emérito, mais non cos criterios establecidos. Ao seu ver, non se diferencia suficientemente entre honorario e emérito e vulga que os requirimentos para esta última figura son pouco esixentes. De se aprobar este regulamento, afirma, os da UDC serán eméritos de segunda.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente indica que o asunto dos sexenios foi un dos máis debatidos na COAP. Con todo, recoñece a dificultade de substituír os sexenios por algún outro mérito equivalente. Admite que o que para uns son méritos escasos son excesivos para outros. Porén, lembra, a proposta mantén no substancial os méritos establecidos pola normativa en vigor. Sinala que seguen a existir diferenzas entre as dúas figuras – emérit@s e honorari@s – e que os aspectos debatidos poderán modificarse andando o tempo, á luz da experiencia.

Moisés Canle intervén novamente para propor unha listaxe de diversos méritos entre os que se poida escoller un número mínimo.

Finalmente, a proposta foi aprobada por 16 votos a favor, 4 en contra e 12 abstencións.

16. Aprobación, se proceder, das propostas de creación de seccións departamentais.

A proposta foi presentada polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente que, en síntese, lembrou que a figura está prevista na LOU ben como no Regulamento Marco da UDC, no que apenas se enxergan dous criterios: a área de coñecemento e as razóns xeográficas (campus da Coruña e Ferrol). Salientou a alta receptividade da figura. Indicou tamén que cómpre tomar en conta un elemento a maiores, cal é o de que, tratándose dun órgano colexiado, as seccións deben contar, cando menos, con tres membros de acordo co disposto na Lei 40/2015. Suxire aprobar a constitución das seccións propostas deixando pendentes aquelas que non acrediten contar con ese número mínimo de tres integrantes.

Código Seguro De Verificación	d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/09/2017 11:38:40
Observacións		Páxina	9/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==		



Toma a palabra o profesor Anxo Calvo para preguntar se, unha vez creadas as seccións, as reducións docentes xa se van aplicar no POD do curso 2017-2018. O vicerreitor contesta que así vai ser, mais insistindo en que a coordinación é un cargo de coordinación académica e non de xestión. Pregunta de novo o profesor Calvo se hai que metelos na RAC. O vicerreitor contesta que xa se fará de oficio desde a súa vicerreitoría.

A profesora Lorenzo Modia pregunta se as horas RAC destes coordinadores serán ou non adicionais as xa repartidas.

María Luísa Sánchez Simón pregunta polo establecemento do número mínimo de tres membros. O vicerreitor contesta que así vén fixado por lei.

A profesora Teresa López pide que se aproben as seccións departamentais condicionadas á acreditación de que cumpren co requirimento do número mínimo de membros. O Consello aprobou por asentimento a proposta.

Aprobada sen votos en contra.

17. Proposta de aceptación da doazón de material por parte da Asociación de Diabéticos Ferrolterra á Clínica Universitaria de Podoloxía de Ferrol

Aprobada sen votos en contra.

18. Proposta de aprobación da modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias

Aprobada sen votos en contra.

19. Quenda aberta de intervencións

Intervén en primeiro lugar Xosé Portela para sinalar que a OPE da UDC foi aprobada sen autorización da Consellaría de Facenda. Solicita que sexa comunicada ao Consello. Referiuse tamén ao concurso de méritos, contra o que se formularon xa tres recursos de reposición que, no esencial, demandan o cumprimento do EBEP e dos Estatutos da UDC, normas ambas as dúas que, ao seu ver, están a ser infrinxidas. Denuncia que se están a realizar diversas propostas de OPE nas que se reservan prazas dos grupos A1 e A2 para a quenda libre de oposición.

A seguir intervén o profesor Pérez Valcárcel para chamar a atención sobre que na ETSAC non funciona o sistema de sinatura dixital das actas. Pregunta se se vai fixar unha data certa para a celebración dos Consellos de Goberno.

Para responder á intervención de Xosé Portela, o xerente indica, en primeiro lugar, que os recursos formulados contra a OPE serán resolvidos en tempo e forma. Canto á provisión de postos de traballo, sinala que o artigo 93.3 dos Estatutos da UDC alude á provisión de postos de traballo, sendo que a OPE non afecta á provisión senón á convocatoria libre das prazas.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente confirma que, con efecto, aínda non se recebeu autorización da Consellaría de Facenda para a OPE.

Código Seguro De Verificación	d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/09/2017 11:38:40
Observacións		Páxina	10/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/d84788vJ7Aq+BaZQV2Udtw==		



A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente comprometeuse a resolver o problema da sinatura dixital na ETSAC.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:15 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

Carlos Aymerich Cano

O presidente

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	d84788vJ7Aq+BazQV2Udtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	13/09/2017 11:38:40
Observacións		Páxina	11/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/d84788vJ7Aq+BazQV2Udtw==		

